



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Marcelo Macías nº 59
Xinzo de Limia CP 32630
Tfno. 988788456, 988788455

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CARLOS CASARES
CURSO: 3º E.P.
MATERIA: LINGUA
DATA: 6-5-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

**1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia clave
Ler e comprender diferentes tipos de textos adaptados á súa idade.	Le e comprende diferentes tipos de texto adaptados á súa idade sen dificultade.	C.C.L
Saber utilizar a maiúscula ao comenzo dun escrito, detrás de punto e en nomes propios.	Sabe utilizar a maiúscula ao empezar un escrito, detrás de punto e en nomes propios	CCL, CD
Distinguir as letras e as sílabas que forman unha palabra recoñecendo o seu número.	Distingue as letras e as sílabas que forman unha palabra e recoñece o seu número	CCL, CMCT, CD
Recoñecer o nome das letras e manejalas alfabéticamente.	Recoñece os nomes das letras e manéjaas alfabética - mente.	CCL, CMCT,CD
Distinguir a sílaba tónica e as átonas das palabras .	Distinguir a sílaba tónica e as átonas das palabras .	CCL,CD
Coñecer o concepto gramatical da oración e distinguir nela os substantivos,verbos , adxectivos e determinantes.	Sabe formar oracións e distingue nelas substantivos , verbos, adxectivos e determinantes .	CCL
Recoñecer as palabras sinónimas e antónimas.	Recoñece palabras sinónimas e antónimas do vocabulario básico e sabe identificalas.	CCL
Distinguir clases de oracións: enunciativas afirmativas, enunciativas negativas, interrogativas e exclamativas	Distingue clases de oracións: enunciativas afirmativas e negativas, interrogativas e exclamativas e sábeas transformar.	CCL
Emplear correctamente o punto,a coma e os dous puntos.	Emplea correctamente o punto,a coma e os dous puntos.	CCL
. Escribir m antes de b e de p .	Sabe escribir m antes de b e de p .	CCL,CD
Usar correctamente as letras c,qu,z,g,j.	Usa correctamente as letras c,qu,z,g,j.	CCL,CD
Recoñecer e diferenciar nomes comúns e propios.	Recoñece e diferencia nomes comúns e propios.	CCL
Identificar os elementos que indican o xénero , o número, o singular e plural en substantivos e adxectivos.	Forma e identifica o masculino , o feminino ,o singular e o plural de nomes e adxectivos dados.	CCL,CD



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Marcelo Macías nº 59
Xinzo de Limia CP 32630
Tfno. 988788456, 988788455

Coñecer e aplicar as normas ortográficas en palabras con ll,r,rr	Coñece e aplica as normas ortográficas en palabras con ll, r,rr.	CCL,CD



2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Observación do traballo diario que fan os alumnos e alumnas ,mediante a revisión e a corrección dos exercicios realizados. Diferentes traballos escritos de redacción : contos,cartas,noticia... Fichas para completar de ortografía e gramática sobre todo. Traballos escritos de reflexión de diferente temática sobre vídeos ou enlaces de interés aos que teñen acceso dende unha plataforma.
	Instrumentos: Folla de cualificación e control do traballo que van realizando os alumnos de forma personalizada. Rexistro anecdótico onde se recollen se os conceptos son adquiridos ou os alumnos presentan dúbidas. Caderno de traballo dos alumnos revisado e outros traballos persoais como redaccións e fichas. Rexistro de participación e actitude do traballo tendo en conta o grao de desenvolvemento e implicación nas tarefas. Rúbricas
Cualificación final	Para a cualificación final teranse en conta as notas da primeira avaliación que contarán un 50% e as da segunda o outro 50%. Na 3ª avaliación, como non hubo clases presenciais, as actividades realizadas non son avaliadas e polo tanto non fai media coas anteriores. Tan só poden ser tidas en conta de forma positiva,é dicir, para axudar aos nenos a que sexan capaces de alcanzar os obxectivos e as competencias desta materia.
Proba extraordinaria de setembro	Como non hai ningún alumno nin alumna que teña suspensa esta materia na primeira nin na segunda avaliación non será preciso realizar unha proba extraordinaria no mes de setembro.
	Criterios de avaliación: Non hai ningún alumno nin alumna que teña suspensa esta materia na primeira nin na segunda avaliación, e polo tanto ningún ten pendente esta materia.



Alumnado de materia pendiente	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:



3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>As actividades realizadas neste terceiro trimestre son de reforzo, repaso e ampliación dos conceptos traballados durante o primeiro e o segundo trimestre.</p> <p>Realizaranse actividades de lectura comprensiva, exercicios de ortografía e ditados, composicións escritas de diferente tipo: contos, cartas, noticias, actividades de gramática para completar ou buscar tipos de palabras concretas, exercicios de vocabulario, entre outras.</p> <p>Ver presentacións ,vídeos, enlaces de youtube, e algunha película interesante, apropiados para a súa idade.</p> <p>Os alumnos envían as tarefas por medio dunha plataforma dixital e eu mándolles a corrección das mesmas.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Todos os alumnos están conectados de forma telemática, e isto é unha gran vantaxe á hora de comunicarse para realizar as tarefas.</p> <p>Traballase de maneira competencial para que o alumno adquira un maior grao de protagonismo.</p> <p>Comúcome cos nenos e nenas diariamente, e eles envíanme despois as tarefas realizadas de forma gradual, para que lles corrixa. Así vou vendo o traballo que están realizando nas súas casas ,xa que debido á situación que estamos vivindo neste intre, as clases non poden ser presenciais. Tamén envían as dúbidas que lles xurden e eu resólvollas utilizando a plataforma dixital ou vídeos explicativos.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>O medio que utilizo para comunicarme cos meus alumnos é unha plataforma dixital e a aula virtual.</p> <p>A unha alumna llévanlle algunhas tarefas fotocopiadas do Concello co fin de facilitarlle os materiais que necesita para traballar.</p> <p>Os materiais utilizados son os libros de texto e variedade de fichas adaptadas á súa idade que lles envío diariamente .</p> <p>Ás veces tamén utilizo vídeos gravados por min, para explicarlles as cousas mellor e sobre todo para aclararlle as dúbidas ,enlaces de</p>



[Escriba aquí]



	youtube,presentacións ou outros vídeos e películas axeitados á súa idade con algún fin didáctico.
--	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado e os seus pais e nais son informados mediante a plataforma dixital, abalar ,aula virtual, teléfono de contacto e correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



[Escriba aquí]

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.